



FELIZ DÍA PAPÁ CAMPAÑA DÍA DO PAI

Este 19 de Marzo, as túas compras poden ter premio!!!

Coas compras realizadas dende o 8 ao 19 de Marzo, recibiredes unha rifa para entrar no sorteo de 2 cenas de 60€ cada unha.

BASES DA CAMPAÑA.

1. A campaña comezará o 8 de Marzo e rematará o 19 de Marzo (ambos incluídos).
2. Para obter unha rifa, teredes que facer unha compra mínima de 10€, excepto as mercerías, tenda de gominolas e bazares que o importe mínimo e de 5€.
3. Para participar no sorteo e requisito indispensable ser maior de idade.
4. Só se dará unha rifa por compra, sempre e cando se cumpran os puntos 2 e 3 destas bases.
5. Na realización do sorteo, se saíse a mesma persoa, procederase a sacar outra papeleta. (Só se entregará un vale por persoa).
6. O sorteo celebrarase en directo a mañá do 9 de abril, na Radio Municipal de Tui. De todas formas chamarase aos agraciados que facilitaron o seu teléfono para informarles que resultaron gañadores.
7. Para obter o premio, debera presentarse a persoa da papeleta e achegar o ticket de compra que corrobore o mínimo de compra esixido, e que a compra se realizase nas datas da campaña.
8. Os vales só se poderán empregar nos establecementos asociados a esta campaña, e deberá gastarse integramente nun único establecemento ata o 9 de xuño.
9. O incumprimento de calquera dos apartados anteriores das presentes bases, será motivo suficiente para denegar a entrega do vale.
10. Os vales teñen unha validez de 2 meses dende a data do sorteo.
11. As persoas gañadoras desta campaña, permitirá a publicación do seu nome na páxina web e redes sociais de ACITUI, e a que se lle saque unha foto na entrega do vale, autorizando a que esta se comparta nas nosas redes sociais.
12. Os datos subministrados voluntariamente a través deste sorteo serán gardados nun ficheiro responsabilidade de ACITUI, coa finalidade de xestionar este sorteo e a súa promoción asociada. Coa súa participación acepta as bases do sorteo e autoriza a ACITUI para a cesión dos seus datos ao asociado para as finalidades descritas. Estes datos eliminaranse unha vez que o sorteo e a promoción finalice. En ningún caso se enviarán comunicación novas de produtos ou promocións salvo que, no seu caso, houberan dado o seu consentimento por outra vía. Poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, dirixíndose por escrito a ACITUI na dirección portal C/Colón, 2 1º, ou enviando unha mensaxe de correo electrónico a acitui@acitui.es, axuntando en ambos casos copia de seu DNI.

APOSTA POLO COMERCIO DE CERCANÍA...MERCA EN TUI